TERRAE
Human
Sounds
of Nature

BAILANDO AO SON DA NATUREZA HUMANA

TERRAE nace en 2020, froito das inquedanzas dun experimentado produtor e un DJ internacional que prefiren manterse no anonimato detrás das súas emblemáticas máscaras. Todos eles contan cunha longa traxectoria en estilos de música de baile e na denominada World Music.

En TERRAE conflúen e funden todos os seus coñecementos e esforzos para ofrecer un espectáculo único no que se coidan todos os detalles visuais, danza, iluminación e tecnoloxía a través da música electrónica con sonoridades de música de raíz de todo o planeta.

TERRAE

Nos seus concertos mesturan en directo música de raíz africana, oriental, hindú, latinoamericana, galega, etc., con música electrónica de baile, dun xeito orgánico, global e sofisticado, con percusións étnicas en directo, ofrecendo nunha mesma canción diferentes ritmos e sonoridades do mundo, todo iso sincronizado ao tempo real con visuais e iluminación.

Como atrativo extra, invitarán, nos seus espectáculos en directo, a artistas e cantantes relacionados coa World Music para sumar máis forza e presenza musical ao concerto.

TERRAE

MENSAXE CONCIENCIACIÓN OBXETIVO

TERRAE parte da premisa de que esa perda de contacto sensible coa natureza nos está a levar á destrución do Planeta. Por iso, unindo as músicas de raíz do mundo, queren ser os fíos condutores dese boa enerxía, axudando a crear un mundo máis humano e natural, sen fronteiras nin bandeiras.

Demostrando un gran amor e respecto por quen nos mantén vivos a tod@s, A Terra Nai .

TERRAE

NEWS

Dende os seus comezos coa edición dixital do seu primeiro traballo "Semen EP", foron noticia en medios de comunicación especializados como Mixmag, DJ MAG ES, MondoSonoro, Clubbingspain, Orbita Magazine, Vicious Magazine, etc., con críticas moi favorables na prensa e na radio nacional.

Foron recoñecidos como o mellor grupo de música electrónica no 2023 nos premios Martín Codax da Música. Editaron varios singles e acabaron de lanzar o seu primeiro longa duración "**MEDRA**" no 2024, con colaboracións de talentosos artistas da World Music mundial.

CONTACTO

+34 620 216 162

terraeagency@gmail.com

www.terraeworldmusic.com

@terraeworldmusic

@terraeworldmusic

@terraeworldmusic

@terraeworldmusic